



## CIRCULAR INFORMATIVA DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR CURSO ESCOLAR 2023-2024

Teñen que solicitar **todos os interesados**, incluídos os que xa son usuarios do comedor no presente curso. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou en todo caso, se é de fóra da área de influencia, todo aquel alumnado que leve escolarizado mais dun ano no colexio.

→ **Documentación:**

1. **Impreso de solicitude**. Pódense recoller no centro ou baixar na páxina web.
2. **Certificado do Padrón municipal** no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano.
3. **Autodeclaración, Anexo II**. (A recoller no centro ou na páxina web coa solicitude).

→ **Excluídos de presentar a autodeclaración:**

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnos/as en acollemento.
3. Alumnos/as con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnos/as pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

→ **Selección de usuarios:**

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnos usuarios no curso anterior, que seguen facendo uso do mesmo ata a data.
2. Alumnos en situación de exclusión social (**acreditar coa certificación de Servizos Sociais do concello**).
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33% (**acreditación da discapacidade**).
4. Familia numerosa (**acreditar coa fotocopia do libro de familia**).
5. Conciliación familiar e laboral (**acreditar co certificado de empresa a incompatibilidade horaria**).
6. Alumnado escolarizado fóra da área de influencia.

→ **Número de prazas concedidas: 86**

→ **Prazos:**

1. Entrega de solicitudes: **dende o 14 ao 26 de xuño dous inclusive**.
2. Publicación lista provisionais admitidos: **29 de xuño**
3. Reclamacións: **ata o 7 de xullo**.
4. Publicación lista definitiva: **14 de xullo**